

m-Talá, Chus Pato

Teresa Cuíñas Lavandeira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CUÍÑAS LAVANDEIRA, TERESA (2011 [2001]). “*m-Talá*, Chus Pato”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 334-336. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/874>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CUÍÑAS LAVANDEIRA, TERESA (2001). “*m-Talá*, Chus Pato”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 334-336.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Chus Pato. *m-Talá*
Vigo: Edicións Xerais

Teresa Cuiñas Lavandeira

m-Talá ou Babel revisitada. Ou o lugar onde as rúas non teñen nome. Ou o outro lado do espello. Un espacio onde a palabra flúe como un Ganxes descomunal, porque *m-Talá* é, tamén, un poemario de multitudes.

Tíñanos afeitos Chus Pato (Ourense, 1955) ós seus lectores a unha praxe poética de liñas tanxibles. Aínda a risco de sermos reduccionistas, podemos determinar tres vectores: temática social, culturalismo, feminismo. Un acento poético, antes como agora belixerante e reivindicativo, non poucas veces cualificado de hermético e non exento de certa escuridade.

Mais entre os materiais poetizados, a reflexión metapoética está presente en todo momento na obra de Pato. Acontece que en *m-Talá* tal liña é sobranceada de xeito que o libro xira ó redor, no explícito e no implícito, da palabra. Un libro, que como todos os libros é un itinerario, iniciado cun interrogante que determina o signo do periplo:

Pregúntome se nesta frase caben todos os teixos da cidade libre de París, todas as miñas reflexións acerca da linguaxe —a palabra que pecha o edificio da Lingua é a mesma que se abre ao dominio do vento [...] (p. 9).

Así, quen emprenda a viaxe a través das páxinas de *m-Talá*, atopará moitas indicacións para o pensamento lingüístico-literario:

PORQUE NON É SÓ O IDIOMA O QUE ESTÁ AMEAZADO SENÓN A NOSA PROPRIA CAPACIDADE LINGÜÍSTICA, sexa cal sexa o idioma que falemos

A LINGUA É PRODUCCIÓN, a lingua produca, produce COMUNICACIÓN PRODUCE PENSAMENTO, PRODUCE CAPACIDADE POÉTICA, produce ganancia e beneficio, PRODÚCENOS COMO HUMANOS, prodúcenos como FELICIDADE (p. 21).

Por outra banda está Sk e as súas lecturas do canon, toda esa cuestión dos ciúmes literarios e da angustia da influencia [...] (p. 26).

a METÁFORA SON OS CAMPOS DE CEREAL

O RAPTO DE PERSÉFONA
 O DESCENSO AOS INFERNOS
 A VIOLACIÓN
 O MATRICIDIO
 METÁFORA: monarquía (p. 81).

E para isto, a poeta sèrvese de todo tipo de materiais ó seu alcance, moitos deles sancionados pola tradición noutra caste de contextos: diálogo, narración, notas a pé de páxina, entrevista, glosas, didascalias, fragmentos de diario persoal. Elementos que comparecen á beira do habitual cortexo de referencias culturalistas procedentes de mundos e órbitas dispares (Babel, Afrodita, Danae, China, Marilyn, a Biblia), mestura de linguas (“la mer allée / avec le soleil”; “TU VATES ERIS”), citas literarias (Kafka, Ofelia, Lois Pereiro, Ferrín), ou apuntamentos extraídos da realidade (o Discovery Enterprise, o Titanic, un enderezo electrónico ou a compostelá sala Nasa). A querencia polos nomes marca o poemario, xa desde o case impronunciado título (*emetalá, metalá, matalá*), aberto a significados múltiples (“Talá” como océano en grego; próximo a “cua-talá”, ó parecer, alcume da autora derivado dunha onomatopeia vencellada co seu apelido), ata a galería de persoeiros reais, irrealis, exóticos, mitolóxicos, cotiás, e os nomeamentos que lembran as invocacións divinas que preceden partes do texto (“abracadabra”, a dedicatoria no medio do libro, as Hespérides finais...). Todo converge nun esforzo, nunha vontade consciente por poñer a proba as capacidades lingüísticas e comunicativas, pola parte do autor (“a miúdo tes afirmado que hoxe por hoxe o poema é incomunicable [...]”, p. 74) como do receptor (“interromper ao lector. Seguido [...]”, p. 81), e que tamén é apreciable na particular disposición formal das composicións e no emprego do verso libre, da prosa e das maiúsculas.

Volve de novo Pato a vehicular a través do verso as súas eternas cuestións, a denunciar a opresión e a ausencia de debate e de capacidade crítica dos nosos días, a cuestionar mesmo á literatura como comunicación e como coñecemento:

hoxe o universo é xa unha rede infinita de linguaxes, de aí a incomunicabilidade do poema (p. 73).

Todos os meus poemas eran así
 IMPOSIBLES
 INCONCLUSOS (p. 86).

E como contrapunto á anguria, o sentido do humor (“logo de ler os teus versos é imposible saber cal é o principio, cal é a fin, fala claro de vez se queres que eu te escoite”, p. 19; “nota: a autora non se fai cargo das opinións verquidas polas diferentes voces nin neste texto nin en calquera outro da súa autoría”, p. 55), e a clarividencia da revelación (“Nunca as palabras compareceron ante min desde un peso tan asombroso e un terror tan próximo ó milagre, pois escribo palabras imposibles e que dalgún xeito debo medir para que non sexan confundidas”, p. 69).

m-Talá engade máis páxinas ó gran libro da súa autora, Chus Pato, quen, sen abandonar a súa pel, nos brinda un novo estadio poético, que non unha ruptura. *m-Talá* é un evoluído chanzo na lírica da poeta.

Se, parafraseando a Wallace Stevens, correspóndelle ó poeta indicar (e descubrir) qué sexa poesía en cada momento, e Nicholas Negroponte presaxia un cambio de civilización, *m-Talá* comparece ante os nosos ollos como poemario postelevisivo, poemario arañeira, inmerso na era electrónica. Non é só que parte das súas composicións estivesen dispoñibles en Internet antes da súa publicación en soporte papel, senón na súa vangardista concepción como libro en si mesmo. De feito, a penas contamos con máis indicios que o sinalen como poemario se exceptuamos a traxectoria de quen o asina e o formato da publicación. En paralelo á era da información e á sobrecarga de imaxes e de discursos que nos circunda, *m-Talá* aprópiase do balbordo e da confusión e troca o ruído en suxerencia, en estímulo para a intelixencia creadora:

Quixen un Ganges de palabras, e ¡que terrible a trenza que ten por empuñadura única a miña mao e por emblema o vento! é como espertar dun soño, do corpo, das palabras (p. 9).